

O Gherreiro pequeno

Nº 1. Novembro 2016

PRESENTACIÓN

O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística (EDNL) comezou unha nova etapa e queremos animaros a participar nas actividades que vaiamos propoñendo. Somos un grupo formado por alumnado (Eva, Lara Senande, Maruxa, Nerea, Raúl e Marcelo), profesorado (David, Natalia e Mariluz) e persoal non docente (Verónica).

Ao mellor xa vos decatastes de que apareceron polo centro algunhas pequenas mostras do noso traballo. Estade á espreita porque irán aparecendo outras!

Neste **boletín** iremos recollendo e informando sobre todas aquelas cuestións que consideremos de interese, novas relacionadas coa lingua ou con actividades que se vaian celebrando no centro. Algúns dos contidos destes boletíns formarán parte da revista *O Gherreiro 2017*.

Aproveitamos para vos recordar a existencia do **Taboleiro do Equipo de Normalización** (no corredor de abaixo, pegado á parede da biblioteca) onde colgamos informacións sobre distintas temáticas, mais todas elas relacionadas coa lingua. Aí podes atopar as seccións:

- **Sabías que...?** (novas)
- **Concursos**

Tamén contamos cun espazo na páxina web do instituto, no que iremos informando das distintas actividades:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/73>

Quen queira enviarnos traballos para a revista pode facelo ao seguinte enderezo electrónico: revistaogherreiro@gmail.com

ACTIVIDADES

A árbore da ciencia

Un ano máis celebrouse o **Día da Ciencia en galego**, data na que se fai un fincapé especial en resaltar máis aló das fronteiras o labor de todos os científicos e as científicas. O seu principal obxectivo é salienta a difusión do coñecemento científico no idioma galego e poñer en valor as achegas galegas á ciencia universal.

Este ano dedícaselle á Bioloxía e aos legumes en particular. Foi Gregor Mendel quen traballou con algúns deles, cos chícharos, para deducir as súas tres leis da herdanza e por iso é o motivo do cartel da campaña deste ano.



Coincidindo con esta data, desde o EDNL lanzamos unha actividade que consistiu en facer a nosa particular **Árbore da Ciencia**, na que pretendiamos recoller vocabulario galego do ámbito científico. No vestíbulo do instituto colocamos unha árbore e todos puidestes participar colocando nela unha folla coa vosa palabra seleccionada. En total, a nosa árbore contou con 47 follas, o que indica que participou case a metade da comunidade educativa. Grazas!

CAMPAÑAS

En outubro e novembro lanzamos dúas campañas dun xeito bastante informal e gráfico. Deseñamos e distribuimos polo centro uns carteis moi sinxelos pero claros:

1 Carteis que incitan á correcta colocación do pronome átono

EDNL do IES Lamas de Castelo

E a ti, que **che** parece?



A min, **gústame**
 A ti, gústache
 A el, gústalle
 A ela, gústalle
 A nós, gústanos
 A vós, gústavos
 A eles, gústalles



2 Galeguización dos aparellos tecnolóxicos

Moitos dos aparellos que usamos a diario (os móbiles, as tablets, os portátiles, os computadores de sobremesa, os televisores...) poden configurarse para o idioma galego. Para iso debemos acceder á configuración de cada un deles e optar polo idioma galego.

EDNL



QUE OS MEUS APARELLOS FALEN GALEGO!

Nas redes sociais

O 24 de novembro celebrouse en Compostela unha gala sobre **Ideas para o futuro da lingua**. Poderedes escoitar algunhas destas ideas na páxina www.lgx15.gal.

Foron oito charlas ben diferentes pero que achegan ideas para dignificar o noso e polo tanto a nosa lingua desde distintos ámbitos: o da tecnoloxía, o mundo labrego, o da comunicación, o da música e a tradución, o da artesanía, o da internet, o da gastronomía, a poesía. A gala estivo presentada polos regueifeiros Luís Caruncho e Josinho da Teixeira e a música dos Poetarras.



Novas

Chegou **O Papagaio**, o novo xornal en galego dirixido á rapazada de primaria e secundaria. Buscádeo na Biblioteca e na Cafetaría.



Avisos

Se queredes mandarnos novas de interese para a sección **Sabías que...?** enviádeas ao correo: revistaogherreiro@gmail.com